

Casa grande de Santo Antonio

090026

Datos de Localización

Casa Grande

Nomenclator: 3203203
Coord. UTM: X: 60675354
 Y: 465464686
Concello: Xinzo de Limia
Parroquia: DAMIL
Lugar: Damil
Tipoloxía: Arquitectura Civil
Tipo: Casas Grandes
Subtipo: Casa Grande



Denominación: Casa grande de Santo Antonio

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante: Barroco

Outros Estilos:

Descrición:

Actualmente presenta unha planta en "U" resultado de difrentes ampliacións e anexado de construcións. Actualmente a casa presenta diferentes estados de conservación, debido á que a súa propiedade está fragmentada, e mentres que algunha estancias están sendo ocupadas como espazo residencial, outras están abandonadas. As construcións máis antigas parecen desenvolverse en torno ó portalón de entrada. O lateral esquerdo desta, presenta un estado ruinoso co lenzo caído. É esta a parte do edificio que se atopa en peor estado, se ben cara ó norte todavía conserva a estrutura da parede. Aquí construíuse un balcón voado sobre canzorros e unha cheminea rectangular rematada con pináculos piramidais. A fachada do lado contrario é máis sinxela, coa abertura únicamente de portas de aire, mentres que na fachada leste, a da entrada, soamente conta con dúas fiestras. Unha cornixa en gola recorría a fachada por este lado. O elemento máis destacado será a portada de acceso, concebida con un grande portalón sobre o que se dispón unha fornella que alberga a imaxe de Santo Antonio, labrada en pedra, co neno en brazos. Ós douros lados dous escudos e coróase con pináculos piramidais rematados en bola. Á dereita do Santo Antonio sitúase o primeiro dos escudos. De partición irregular, sendo o cuartel superior maior que o inferior. No primeiro cuartel figura humana, sol e lúa, castillo sumado de figura humana armada, tres flores de lis. No segundo cuartel, dúas aves bebendo dun caliz. Timbrado con casco mirando á diestra con penachos do que caen lambrequíns.

O segundo escudo, da esquerda, partido, no primeiro cuartel torre, segundo árbore con dous osos rampantes. Bordura de aspas e roeles ou bezantes. Timbrado de ielmo e adornado de lambrequíns.

DOCUMENTACIÓN:

Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Xinzo de Limia. Clave de Identificación: C-2

Características Construtivas

Plantas: B+1

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Estrutural

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interés Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Vivenda

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles









